



AXUDAS
Rede Eusumo
CONVOCATORIA 2024





Contido

Normativa reguladora	03
Finalidade	03
Beneficiarias	03
Actividades subvencionables	04
Normas xerais de subvencionalidade	06
Normas específicas de subvencionalidade	06
Contás	07
Obrigas	08
Presentación de solicitude	08
Tramitación e resolución	09
Período de execución	09
Pagamento anticipado	09
Xustificación	09
Financiamento	09

IMPORTANTE:

A información que se ofrece neste documento é un resumo que non substitúe a orde de bases reguladoras.

Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra.

SUBVENCIÓNS 2024 | BASES E CONVOCATORIA

NORMATIVA REGULADORA

Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se convocan para os anos 2024 e 2025 (DOG núm. 17, do 24.01.2024).

FINALIDADE

Realización de **actividades de promoción visibilización e desenvolvemento da economía social a través de accións de formación, divulgación e asesoramento**, fomentando o espírito emprendedor e a creación e consolidación de emprego por parte das entidades colaboradoras da Rede Eusumo.

ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias as seguintes entidades:

- a. As **asociacións de entidades de economía social**.
- b. Os **concellos** de Galicia e as **áreas metropolitanas, mancomunidades** de municipios e os **consorcios** locais.
- c. As **cámaras de comercio**.
- d. As **universidades**.
- e. As **fundacións e asociacións** e as **organizacións profesionais, empresariais e sindicais**.

Requisitos:

- a. As entidades beneficiarias previstas no apartado a) e no e) deberán estar **legalmente constituídas e inscritas nos rexistros** competentes e estar **ao día no cumprimento das obrigas** referidas ao depósito de documentos e inscripción de acordos nos ditos rexistros.
- b. As entidades locais deben ter cumplido o deber de **remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio**, nos termos establecidos polo Decreto 193/2011, do 6 de outubro.
- c. **Ter formalizada a súa adhesión á Rede Eusumo** mediante a subscrpción de convenio de colaboración coa Consellería.
- d. **Estar ao día nas obrigas tributarias e de Seguridade Social**, así como non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma.
- e. **Non ter sido sancionadas mediante resolución firme** coa perda da posibilidade de obter subvencións.
- f. **Non ter cometido, incitado ou promocionado a LGTBIfobia**.

Calquera entidade poderá participar a título individual ou de forma conxunta con outras entidades.

Ningunha entidade poderá figurar en máis dunha solicitude individual, sen embargo pode figurar nunha individual e ademais nunha ou varias solicitudes conxuntas, sempre que concorra con diferentes entidades socias.

ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

As actividades de carácter divulgativo, formativo ou de asesoramento incluídas nas actividades xerais e nas actividades relativas aos sectores específicos que fomenten a economía social e o emprendemento:

1. Actividades xerais de promoción da economía social:

a) Actividades de divulgación:

- Organización de charlas, xornadas, conferencias, simposios ou visitas formativas ou calquera acción promocional que fomente o cooperativismo e a economía social.
- Elaboración, publicación e difusión de estudos, informes, traballos de investigación así como manuais, guías, unidades didácticas ou similares, sempre que sexan inéditos.

b) Actividades de asesoramento:

- Celebración de encontros e networking entre entidades de economía social, ou entre estas e outros actores económicos, dirixidas á mellora da xestión, os intercambios comerciais, a intercooperação para o inicio de actividades, a obtención de financiamento e outras que contribúan á consolidación de proxectos.
- Actividades de asesoramento e acompañamento a grupos promotores ou a entidades de economía social preexistentes, para a posta en marcha de novos proxectos ou consolidación do negocio.

c) Actividades de formación:

- Organización de actividades formativas, tales como cursos e obradoiros, que teñan por obxecto dar a coñecer os principios e características da economía social ou dalgunha das tipoloxías de entidades que a conforman, mellorar o funcionamento das entidades e propiciar a súa consolidación e crecemento, así como formar o persoal responsable de titorías no asesoramento e acompañamiento de proxectos.



2. Actividades relativas aos sectores específicos da economía social:

Son subvencionables as actividades de carácter divulgativo, de asesoramento e formativo que estean dirixidas a fomentar o emprendemento nos seguintes sectores específicos da Economía Social: economía dos coidados; agroalimentación, produtos locais e alimentación sostible; economía circular e xestión de residuos; enerxías renovables e transición enerxética; industrias culturais; novas tecnoloxías; intelixencia artificial; transporte e mobilidade.

A título orientativo as actividades poderán consistir en:

a) Actividades de divulgación:

- Organización de xornadas, conferencias, simposios, charlas, visitas formativas ou campañas de comunicación.

b) Xeración de novo coñecemento en Economía Social:

- Elaboración, publicación e difusión de estudos, informes, traballos de investigación, así como materiais.

c) Formación para a creación e consolidación de proxectos de Economía Social:

- Organización de actividades formativas, tales como cursos e obradoiros, dirixidas a dar a coñecer os principios e características da economía social ou das súas entidades, mellorar o seu funcionamento e propiciar a súa consolidación e crecemento, así como formación específica en economía social para o persoal das entidades de economía social.

d) Asesoramento e apoio a proxectos de economía social:

- Celebración de encontros e networking entre entidades de economía social, ou entre estas e outros actores económicos para a posta en marcha de novos proxectos en sectores específicos
- Actividades de asesoramento e acompañamiento a grupos promotores para a posta en marcha de novos proxectos en sectores específicos.

e) Difusión e visibilización da economía social:

- Organización de eventos como a celebración de feiras, mostras e congresos para visibilizar os sectores específicos da economía social.

NORMAS XERAIS DE SUBVENCIONABILIDADE

Gastos subvencionables son aqueles que de xeito indubidable responden á natureza da actividade subvencionada e se realizan no prazo establecido.

- Os tributos son gastos subvencionables cando a entidades beneficiaria os aboe efectivamente.
- En ningún caso son gastos subvencionables os impostos indirectos cando son susceptibles de recuperación ou compensación nin o IRPF.

Solicitud de 3 ofertas: cando o importe do gasto supere a contía establecida para os contratos menores a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo e con carácter previo á contratación, tres ofertas de diferentes provedores, agás que non exista no mercado suficientes entidades que o presten.

NORMAS ESPECÍFICAS DE SUBVENCIONABILIDADE

Son subvencionables tanto os custos directos como os indirectos e de organización das actividades, neste caso co límite máximo do 30% do custe da actividade.

Para os **gastos de persoal** asociados a calquera actividade só se terá en conta o salario base, os complementos de antigüidade e os asociados á categoría profesional ou o posto de traballo, as pagas extras, as cotizacións sociais e cantidades retidas en concepto de IRPF, así como as axudas de custo.

Para as **actividades formativas e divulgativas** (parágrafo 1º do 7.1.a) , 7.1.c), 7.2.a) e 7.2c)) do apartado actividades subvencionables:

- Só serán subvencionables os gastos das accións nas que se acredeite a asistencia mínima de 10 alumnos/as e sempre que polo menos o 70% do alumnado acredeite unha asistencia mínima do 80 % da duración da actividade.
- Non serán subvencionables os gastos que correspondan á manutención das persoas asistentes, tales como servizos de comidas e pausa-café.

As **actividades de asesoramento e acompañamento** (parágrafo 2º do 7.1.b) e parágrafo 2º do 7.2.d)) serán subvencionables sempre que se acadase un mínimo de 7 horas de asesoramento.

Os **gastos de auditoría** son subvencionables cando esta sexa obligatoria para a xustificación da axuda.

CONTÍAS

Ata o 80% do custo das actividades, cos seguintes límites:

1. Límite global:

120.000 € por anualidade e entidade beneficiaria. Se houbese crédito remanente logo de atender todas as solicitudes, poderase incrementar ata 70.000 € adicionais por anualidade e entidade beneficiaria.

2. Límites específicos:

- Actividades formativas:
 - Ata 3.000 € por actividade. Máximo 50 €/hora para docencia e 30 €/hora para coordinación, organización y preparación.
 - Gastos de material, papelería e fotocopias: 8 € por alumno/a con asistencia acreditada.
- Actividades divulgativas: ata 3.000 € por actividade.
- Asesoramento e acompañamiento a grupos promotores ou a entidades de economía social ata un máximo de 50 € por hora de atención e 2.000 € /itinerario completado.
- Encontros e networking ata 1.500 €/actividade.
- Informe de auditoría ata 3.000 €.
- Feiras, mostras e congresos ata 15.000€/actividade.
- Estudos, informes, traballos de investigación, así como manuais, guías, unidades didácticas ou similares ata 10.000 € para a súa elaboración, publicación e difusión sempre que sexan de nova creación.

3. Incentivo adicional:

No caso de remanente, ata 1.000 € por cada entidade de economía social creada por iniciativa da entidade beneficiaria que alcancase a fase de constitución formal durante o ano natural anterior ao que se presentase a solicitude, ata un máximo de 10.000 € por entidade beneficiaria. De non resultar suficiente o crédito, as contías reduciranse proporcionalmente.



OBRIGAS

Con carácter previo á realización de actividades divulgativas ou formativas ou á celebración de encontros (primeiro parágrafo das letras a) e b), e letra c) do artigo 7.1 e as letras a), c) e d) parágrafo primeiro do artigo 7.2), a entidade beneficiaria deberá poñer en coñecemento da Subdirección Xeral de Economía Social, cunha antelación mínima de 5 días hábiles, ao inicio da actividade por correo electrónico ao enderezo economiasocial.emprego@xunta.gal.

Mensualmente deberán remitir, a través do correo electrónico (eusumo.emprego@xunta.gal) ou ben a través da Carpeta Cidadá dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, o documento de seguimento de accións e indicadores dispoñible na intranet das entidades socias da Rede Eusumo (<http://eusumo.gal/intranet>), incluíndo os indicadores das actividades finalizadas no mes natural anterior.

As entidades beneficiarias deberán dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e polo Ministerio de Traballo e Economía Social, segundo os modelos dispoñibles no Manual de información e comunicación da Rede Eusumo

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Unicamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes é dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da orde e rematará o 26 de febreiro de 2024.

TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

As axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva.

O órgano instrutor é a Subdirección Xeral de Economía Social e o competente para resolver a Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.

PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

Concorrencia competitiva

PERÍODO DE EXECUCIÓN

PLURIANUAL

Desde o 01 de outubro de 2023 ata o 31 de outubro de 2025.

PAGAMENTO ANTICIPADO

Poderase realizar un pagamento anticipado de ata o 80% da subvención (co límite máximo do importe da axuda que corresponda a cada exercicio orzamentario). Este anticipo non está suxeito á constitución de garantía.

XUSTIFICACIÓN

As entidades beneficiarias deberán xustificar o investimento e presentar a solicitude de pagamento. Débese xustificar cada anualidade de xeito independente, segundo o seguinte calendario:

- 1^a anualidade (actuacións realizadas entre o 01.10.2023 e o 31.10.2024): data límite de presentación da xustificación: 31.10.2024.
- 2^a anualidade (actuacións realizadas entre o 01.10.2024 e o 31.10.2025): data límite de presentación da xustificación: 31.10.2025.

FINANCIAMENTO

A dotación desta convocatoria é de 690.000,00 €, distribuídos como segue:

- 2024: 265.000,00 €.
- 2025: 425.000,00 €.



MÁIS INFORMACIÓN

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

**Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego,
Traballo Autónomo e Economía Social**

Edif. Administrativo San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela

eusumo.gal
info@eusumo.gal
economiasocial.emprego@xunta.gal
empregoeigualdade.xunta.gal
981 545 687